

Acta núm. 10/2018.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 21 de xuño de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 21 de xuño de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 6 de xuño de 2018.
- 2º.- Comunicacions previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenza de segregación.
- 5º.- Aprobación de expediente de contratación de venda de inmovible por subasta.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 6 DE XUÑO DE 2018.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 6 de xuño de 2018, acta núm. 9/2018.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARISOL PEREZ SAMAMED, con domicilio en Lugar de Casaldoeiro nº 11- Bastavales, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta de poliéster cunha superficie de 34,85 m² e estará situada, segundo plano anexo á solicitude, a 3 m. mínimo dos lindeiros, en Casaldoeiro nº 11- Bastavales.

A parcela (7511413NH2471S0001FB) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre ámbito de solo de núcleo rural (NRL-2) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BERNARDO ADEVA ANDANY, con domicilio en Avda. Santa Minia nº 96, na que comunica que pretende realizar as seguintes obras no inmovible con ref. catastral (6663954NH2466N0001XQ) sito en Avda. Santa Minia.

- Reparación do tellado da vivenda, retirando a tella en mal estado e colocando tella nova e canalóns, sen incrementar o volume da cuberta.
- Limpeza e pintado de fachadas.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo o urbano, UC1. e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA JOSEFA SANCHEZ PEREIRA, con domicilio en Gronzo nº 9 - Brión na que comunica que vai a construír un alpendre de 3,3 m² no lugar de Gronzo nº 9, para gardar apeiros de labranza.

A parcela con ref. catastral (4853501NH2445S0001QU) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM, e non se sitúa dentro de ningún ámbito de protección en base a Lei de patrimonio.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O alpendre situarase mínimo a 3 m. de calquera lindeiro e de calquera edificación existente na parcela.
- O alpendre estará convenientemente terminado, revestido e pintado, e a súa cubrición será de tella.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PILAR RIVAS MOSQUERA, con domicilio en Soigrex n° 17- Os Ánxeles, na que comunica que vai impermeabilizar unha terraza con lámina de pvc, sita en Soigrex n° 17-Os Ánxeles.

A parcela (6743601NH2464S0001RZ) aséntase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1, e non se atopa dentro de ningún ámbito de protección, nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DORA RODRIGUEZ SERRAMITO, con domicilio en Avda. dos Ánxeles nº 20, na que comunica que pretende pintar as fachadas dunha vivenda sita en Avda. dos Ánxeles nº 20.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano (UC1) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de algún elemento catalogado, segundo a Lei 5/2016 do patrimonio de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PABLO ANGEL MEIRA CARTEA, con domicilio en Rúa Rourís nº 2- Pedrouzos, na que comunica que vai a realizar obras de reparación da cuberta dunha vivenda sita en Rúa Rourís nº 2- Pedrouzos, consistentes en retirar a tella vella e substituíla por tella nova sen incrementar o volume da cuberta.

A parcela (6156608NH2465N0001RU) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano UC1, e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MAR COBAS CAJUSO, con domicilio en Vilar nº 6-Viceso, na que comunica que pretende arranxar un muro de peche lateral coa finca lindeira en Vilar nº 6-Viceso, coas seguintes características:

- Parte de formigón ata 0,50 m. de altura.
- Sobre a parte de formigón colocárase peche de arames.

A parcela onde se pretende realizar as obras emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº8 (NRO-1) do PXOM, e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte do muro de formigón será convenientemente revestido e pintado.
- A altura total do muro non superará 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por GERARDO ANTONIO OTERO RODRIGUEZ, con domicilio na Praza da Mahía nº 6, 3ºC-Bertamiráns, na que comunica que vai realizar obras de substitución de acabados interiores na vivenda sita en Gondar nº 9- Brión.

A parcela (6663920NH2466N0001RQ) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano (UC2), e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO A PONTE, con domicilio en Avda. da Mahía 78 baixo 4, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai realizar labores de reparación e conservación da fachada e terraza do edificio sito na Avda. de Noia nº 7- Os Ánxeles, substituíndo os acabados actuais; pinturas e pavimentos e non afectando á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo urbano (UC1) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Isabel Dos Santos Gómes, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS C.C. MONTE BALADO, con domicilio en Monte Balado - Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta do teito na primeira planta do edificio sito en Monte Balado-Os Ánxeles, substituíndo os paneis de aceiro por outros de iguais características cos remates adecuados para garantir a estanqueidade e non afectando á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo urbano (UC3) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA LUISA PEREIRO ROZAS, con domicilio en Urb. Balneario do Tremo, Bloque C, nº 10-2ºD, na que comunica que vai cambiar as

xanelas da vivenda sita en Urb. Balneario do Tremo, Bloque C, nº10-2ºD, mantendo os mesmos acabados e dimensións.

Presenta acta da sesión extraordinaria da Comunidade de Propietarios de data 02.05.2018 autorizando de forma xeral dita actuación.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano (UC3) e non se atopa dentro dun ámbito de protección nin dentro do radio de ningún elemento catalogado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

Neste intre auséntase da sesión o Sr. Alcalde pasado a presidir a sesión a 1ª Tenente de Alcalde.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Guisande, proxectando un paso aéreo-soterrado e unha liña soterrada de baixa tensión, realizando dúas zanzas cunha lonxitude total de 98 m. para a súa canalización segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso con visado nº 1393/18-CO, do 22/05/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 382,74 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para realizar obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Lamiño, proxectando unha liña soterrada de baixa tensión realizando dúas zanzas cunha lonxitude total de 12 m. para a súa canalización segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, con visado nº 20181510, do 28/05/2018.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 172,89 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SABINO GROBAS FERNADEZ con domicilio en Cirro nº 22-San Salvador, na que solicita licenza de segregación, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, visado núm.324/2018 do 07.06.2018.

Descrición da parcela matriz:

Finca número 87 de concentración parcelaria de Bastavales.

Referencia catastral: 7731307NH2473S0001FT.

Superficie: 9.189 m²

Clasificación urbanística: ten dúas:

- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-1),superficie: 3.110 m² e para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2), superficie: 5.869 m²
- Solo rústico de protección agropecuaria (RC). Superficie: 210 m².

Lindes:

Norte: con Manuel Rey Guimarey (85) desagüe en medio e Benigno Casal Gómez (88).

Sur: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: con Sabino Grobas Guimarey (86-1).

Segregación pretendida:

Parcela nº 87 o parcela matriz:

Superficie bruta: 1.958 m².

Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño en vías interiores de núcleos): 18 m².

Lindes:

Norte: parcela nº85 (Manuel Rey Guimarey) desagüe en medio e parcela 87-6 desta segregación.

Sur: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e parcela nº87-7 desta segregación.

Leste: parcela número 87-1 e 87-6 desta segregación.

Oeste: parcela 86-1 (Sabino Grobas Guimarey (86-1) e parcela 87-7 desta segregación.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-1.

Edificacións: Sobre esta parcela existe unha edificación de superficie construída 343 m2 e ocupación 131m2.

Parcela nº 87-1:

Superficie bruta: 1.012 m².

Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 30 m².

Lindes:

Norte: parcelas número 87-6 desta segregación.

Sur: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Leste: parcela número 87-2 desta segregación.

Oeste: parcela número 87 o parcela matriz desta segregación.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela nº 87-2:

Superficie bruta: 1.010 m².

Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 31m².

Lindes:

Norte: parcela número 87-6 desta segregación.

Sur: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Leste: parcelas número 87-3,87-4 e 87-5 desta segregación.
Oeste: parcela número 87-1 desta segregación.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela nº 87-3:

Superficie bruta: 908 m².
Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño en vías entre núcleos e 4m do eixo do camiño en vías interiores de núcleos): 117 m².
Lindes:
Norte: parcela número 87-4 desta segregación.
Sur: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Leste: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: parcela número 87-2 desta segregación.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela nº 87-4:

Superficie bruta: 836 m².
Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño): 40 m².
Lindes:
Norte: parcela número 87-5 desta segregación.
Sur: parcela número 87-3 desta segregación.
Leste: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: parcela número 87-2 desta segregación.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela nº 87-5:

Superficie bruta: 833 m².
Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño): 37 m².
Lindes:
Norte: parcela número 87-6 desta segregación.
Sur: parcela número 87-4 desta segregación.
Leste: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: parcela número 87-2 desta segregación.
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Parcela nº 87-6:

Superficie bruta: 1.480 m².
Superficie de cesión (a 5,5m do eixo do camiño): 29 m².
Lindes:
Norte: Manuel Rey Guimarey (85) desagüe en medio e Benigno Casal Gómez (88).
Sur: parcela numero 87, 87-1, 87-2 e 87-5 desta segregación.
Leste: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: parcela número 87 o parcela matriz desta segregación.
Clasificación urbanística: 1.270m² en solo de núcleo rural (NRL-2) e 210m² en solo rústico de protección agropecuaria (RC).

Parcela nº 87-7:

Superficie bruta: 1.152 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño en vías interiores de núcleos): 52 m².

Lindes:

Norte: parcela nº 87 o parcela matriz desta segregación.

Sur: con camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e parcela nº87 o parcela matriz desta segregación.

Leste: parcela nº 87 o parcela matriz desta segregación.

Oeste: parcela 86-1 (Sabino Grobas Guimarey).

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-1.

Edificacións: Sobre esta parcela existe unha piscina de 34m²

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos das seguintes superficies: 18 m², 30 m², 31m², 117 m², 40 m², 37 m², 29 m² e 52 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE VENDA DE INMOBLE POR SUBASTA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 14.06.2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do Concello) en sesión do 18.06.2018, que transcrita di:

Visto que con data 16.03.2018 iniciouse expediente para enaxenar o ben inmovible integrante do patrimonio público do solo: Cota proindivisa en pleno dominio do Concello do 89,95%, por título de cesión en proxecto de compensación da finca: Urbana - finca núm. 9 - residencial 3 - parcela na área de reparto núm. 8, polígono 1, lugar de Lamiño, parroquia de San Fins de Brión, Concello de Brión, de superficie de mil noventa e cinco metros cadrados. Uso: residencial en altura. Aproveitamento: lle corresponde unha edificabilidade de dous mil cento cincuenta metros cadrados e un aproveitamento de dous mil cento cincuenta unidades de aproveitamento. Linda: ao Norte, parcela número 5; ao Sur con rúa "B", ao Leste, finca R-4 e ao Oeste con rúa "F", polo seu lado Oeste introdúcese un pequeno regato.

Dita finca está inscrita no Rexistro da Propiedade a favor de Urban Portfolio Inmobiliario S.L. con CIF: B-15582216, o 10,05% do pleno dominio por título de adxudicación en proxecto de compensación, e a favor do Concello de Brión, o 89,95% do pleno dominio por título de cesión en proxecto de compensación.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira no Tomo 1496, Libro 228, Folio 95, Finca 20842.

Visto que con data 16.03.2018 e de conformidade co disposto na providencia de alcaldía do 16.03.2018 foi emitida valoración técnica do inmovible por parte do arquitecto municipal e igualmente, con data 01.06.2018, foi formulado informe de intervención.

Visto que con data 01.06.2018 e de conformidade co disposto na providencia de alcaldía do 16.03.2018, foi emitido informe por secretaría referente ao procedemento a seguir e á lexislación aplicable.

Visto que con data 24.05.2018 foi emitido certificado do Rexistro de bens do patrimonio municipal do solo acreditando que o ben inmovible forma parte do patrimonio público do solo, e que consta no expediente certificación do Rexistro da Propiedade de Negreira de data 25.05.2018.

Visto que por resolución de alcaldía de data 01.06.2018 aprobouse iniciar o expediente para o alleamento do ben sinalado mediante subasta á alza.

Visto que con data 04.06.2018 incorporouse pola alcaldía o prego de cláusulas para a enaxenación de parcela que rexirá o expediente de contratación.

Vistos os informes de secretaría e intervención, propoño á Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, segundo acordo do Pleno do 17.07.2015, publicado no BOP do 29.07.2015, a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a enaxenación do seguinte terreo pertencente ao patrimonio público do solo: Cota proindivisa en pleno dominio do Concello do 89,95%, por título de cesión en proxecto de compensación da finca: Urbana - finca núm. 9 - residencial 3 - parcela na área de reparto núm. 8, polígono 1, lugar de Lamiño, parroquia de San Fins de Brión, Concello de Brión, de superficie de mil noventa e cinco metros cadrados. Uso: residencial en altura. Aproveitamento: lle corresponde unha edificabilidade de dous mil cento cincuenta metros cadrados e un aproveitamento de dous mil cento cincuenta unidades de aproveitamento. Linda: ao Norte, parcela número 5; ao Sur con rúa "B", ao Leste, finca R-4 e ao Oeste con rúa "F", polo seu lado Oeste introdúcese un pequeno regato.

Dita finca está inscrita no Rexistro da Propiedade a favor de Urban Portfolio Inmobiliario S.L. con CIF: B-15582216, o 10,05% do pleno dominio por título de adjudicación en proxecto de compensación, e a favor do Concello de Brión, o 89,95% do pleno dominio por título de cesión en proxecto de compensación.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Negreira no Tomo 1496, Libro 228, Folio 95, Finca 20842.

2º) Aprobar o prego de cláusulas para enaxenación de parcela que vai rexer a subasta (procedemento aberto) á alza, asinados pola alcaldía con data 04.06.2018 obrantes no expediente.

3º) Publicar a licitación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante do Concello.

4º) Nomear á Mesa de Contratación que figura nos pregos, facendo pública a súa composición xuntamente co prego de cláusulas mediante a súa publicación do perfil de contratante do Concello.

5º) Unha vez verificado o alleamento deberá ser comunicado ao órgano competente da CCAA en cumprimento dos art. 276.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 109.1 do Regulamento de bens das entidades locais.

6º) Facultar á alcaldía para a realización dos trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade acorda aprobar a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,00 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González